



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELABRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PALAS DE REI, O DÍA 19 DE MARZO
DO ANO DOUS MIL QUINCE.**

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Pablo José Taboada Camoira .

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

D. Fernando Alfredo Pensado Barbeira.

D. Amando Sande Agra.

D^a. María Cristina Lodeiro Castiñeira.

D^a. M^a Aurora Vila Agra.

D. José Ramón García Vázquez.

PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSOE)

D. Horacio Rouco Ferro.

D. José Sabino Prieto Vázquez.

D^a. Noelia Vázquez Paredes.

SECRETARIO-INTERVENTOR

D. Iván Ponte Mahía.

Faltaron os seguintes os/as Concelleiros/as :

D. Antonio Blanco Estevo.

Dona Angela Pérez Vázquez.

Sendo as catorce horas do día dezanove de marzo do ano dous mil quince, reúnese no Salón de Plenos da Casa do Concello, o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, coa asistencia dos señores concelleiros relacionados á marxe, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Pablo José Taboada





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasderei.com

Camoira, actuando como Secretario - Interventor, D. Iván Ponte Mahía, que da fe do acto.

Constituída válidamente a sesión, de conformidade co disposto no art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión cá seguinte orde do día :

PUNTO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

O Sr. Alcalde-Presidente solicita dos concelleiros que manifesten se teñen algunha alegación que facer á acta da sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2015;

Ante a ausencia de alegacións ó acta da sesión ordinaria de 26 de febreiro de 2015, o Pleno da Corporación, cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e a abstención dos concelleiros do grupo municipal do PSOE, acordou aprobar, por maioría absoluta dos membros presentes, a acta da sesión ordinaria de 26 de febreiro de 2015.

PUNTO SEGUNDO.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA DE ACORDO CÓ DISPOSTO NO ARTIGO 42 DO R.O.F.

Todos os concelleiros quedan enterados do contido dos decretos da Alcaldía dende o número 52 ata o número 79 do ano 2015, ambos incluídos.





CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO TERCEIRO.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2014.

O Sr. Alcalde dispense a explicar o decreto de alcaldía número 60/2015 de aprobación da liquidación do orzamento que, literalmente, establece:

"ASUNTO: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2014. -

No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (Rdl 2/2004 de 5 de marzo) e logo de ver o informe emitido pola Secretaría-Intervención Municipal de 25 de febreiro de 2015 e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada polo RD 500/1990.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2014, que presenta o seguinte resumo:

ORZAMENTO CORRENTE

GASTOS

CAP	CREDITOS INICIALES	MODIF.	CREDITOS DEFINITIVOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	OBLIG. PEND PAGO	PAGOS LIQUIDOS
I	1.218.180,83	343.202,21	1.561.383,04	1.557.048,13	87.109,25	1.469.938,88
II	1.132.747,72	-70.903,61	1.061.844,11	1.050.684,95	193.152,11	857.532,84
III	58.767,77	5.884,73	64.652,5	60.230,75	0	60.230,75
IV	32.200	0	32.200	31.094,89	11.091,48	20.003,41
VI	836.150,74	266.471,32	1.102.622,06	398.922,23	51.344,97	347.577,26
IX	81.910,86	-39.943,16	41.967,7	30.142,17	0	30.142,17
TOTALE S	3.359.957,92	504.711,49	3.864.669,41	3.128.123,12	342.697,81	2.785.425,31



INGRESOS

CAP.	PREVIS. INICI.	MODIF.	PREVIS. DEFINITI V.	DERECHOS RECONOC. NETOS	RECAUD. NETA	DERECHOS CANCELAD OS	PDTE. COBRO
I	843.356,61	0,00	843.356,61	808.568,96	486.969,10	0,00	321.599,86
II	85.000,00	0,00	85.000,00	56.108,10	52.452,30	0,00	3.655,80
III	431.355,14	0,00	431.355,14	482.901,60	411.316,10	0,00	71.585,50
IV	1.236.611,06	175.123,20	1.411.734,26	1.266.749,71	1.199.771,34	0,00	66.978,37
V	0,00	0,00	0,00	209,64	209,64	0,00	0,00
VII	763.635,11	269.071,61	1.032.706,72	454940,35	293.608,96	0,00	161.331,39
VIII	0,00	60.516,68	60.516,68	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTA LES	3.359.957,92	504.711,49	3.864.669,41	3.069.478,36	2.444.327,44	0,00	625.150,92

Resultado orzamentario axustado é o seguinte:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	3.069.478,36 €
2. Obrigas Recoñecidas Netas.	3.128.123,12 €
3. Resultado Orzamentario	-58.644,76 €
4. Desviacións Positivas.	200.000,00 €
5. Desviacións Negativas.	31.459,14 €
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería.	0,00 €
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6)	-227.185,62 €





Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:

1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO

1. De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente	625.150,92 €
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado	1.195.034,98 €
3. Doutras Operacións non orzamentarias	67.730,71 €
4. MENOS. Ingresos realizados pendientes aplicación definitiva	13.539,99 €

TOTAL DEREITOS PENDENTES DE COBRO 1.874.376,62 €

2. OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO

1. De Presuposto de Gastos. Presuposto Corrente	342.697,81 €
2. De Presuposto de Gastos. Presupostos Pechados	255.364,89 €
3. Doutras Operacións non Orzamentarias	178.936,73 €
4. MENOS: Pagos pendientes de aplicación	40.654,52 €

TOTAL OBRIGAS PTES. DE PAGAMENTO 736.344,91 €

3.- FONDOS LÍQUIDOS 105.023,19 €

4.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL 1.243.054,90 €

5.- SALDOS DE DUBIDOSO COBRO 737.289,52 €

6.- REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO 200.000,00 €

7.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS 305.765,38 €

SEGUNDO: Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."






CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982380001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

A continuación, o Sr. Alcalde expón que o Concello de Palas de Rei, en virtude dos datos da liquidación e dacordo cos informes de intervención, non cumpre coa estabilidade orzamentaria nin tampouco coa regra de gasto pero estes incumprimentos teñen a súa orixe no feito de que nos informes de intervención que acompaña á liquidación do orzamento non se podía ter en conta a liquidación positiva por importe de máis de 291.000,00 euros que corresponden cos padróns do ano 2014 e que ingresou durante o mes de marzo, concretamente o día 9 de marzo, a Deputación Provincial de Lugo. O Sr. Alcalde expón que, tendo en conta este ingreso que pertence ó ano 2014 na liquidación do orzamento, o Concello de Palas de Rei tería un resultado orzamentario positivo de máis de 64.000,00 euros, cumpriría co principio de estabilidade orzamentaria por importe de máis de 200.000,00 euros, cumpriría coa regra de gasto ó ter en conta os incrementos de padróns tributarios entre os anos 2013 e 2014 e se melloraría o ratio do periodo medio de pago de maneira considerable.

O Sr. Alcalde afirma que lle parece moi significativo que a Deputación Provincial de Lugo pague ós concellos a liquidación positiva do ano 2014 durante o mes de marzo do ano 2015. Esta cuestión vén causando problemas de tesourería que, a súa vez, derivan en problemas para facer fronte en tempo e forma ó pago das facturas ós provedores. O Sr. Alcalde tamén denuncia o deficiente sistema de recadación que aplica a Deputación Provincial na vía executiva, xa que a día de hoxe o Concello de Palas de Rei está a recibir liquidacións que proveñen de débedas dos anos 2007, 2008 e 2009.

Por último, o Sr. Alcalde insta á Deputación Provincial de Lugo a que tome exemplo do que se fan noutras Deputacións, en especial, o que se fai na Deputación Provincial de A Coruña que ingresa o padrón do ano en curso no primeiro trimestre do propio ano nas arcas dos Concellos, os cales non se vén obrigados a ter que esperar un ano para poder contar con ese diñeiro que lles corresponde.



Todos os concelleiros quedan enterados do contido do expediente de liquidación de orzamento do ano 2014 do Concello de Palas de Rei.



CONCELLO DE PALAS DE REI
(LUGO)

Avd. de Compostela, 28
CP 27200 Palas de Rei
Telf. 982390001
Fax. 982374015
concellopalas@yahoo.es
www.palasdereis.com

PUNTO SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde pregunta ós membros do pleno se teñen algún rogo ou pregunta que formular.

O Sr. Pensado como portavoz do Grupo Municipal do PP, colle o turno de palabra para presentar un rogo ó Sr. Alcalde no sentido de instarlle a que, ante a chegada do verán e ante o previsible aumento do número de peregrinos, se poida arreglar ou substituir o pavimento da rúa Travesía do Peregrino, o cal quedou moi danado como consecuencia das chuvias do inverno e do paso de maquinaria pesada como consecuencia da realización de diversas obras na zona.

O Sr. Alcalde valora positivamente o rogo feito por parte do Sr. Portavoz do Grupo Popular e afirma que se intentará arreglar o pavimento da rúa Travesía do Peregrino antes de que comece a Semana Santa.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente da por remado o acto, e levanta a sesión as catorce horas e vintecinco minutos, de todo o que eu, como Secretario, dou fé

